

# **ALMAS NA GLORIA: DON PACO**

## **PERSONAXES**

ÁLVARO CUNQUEIRO

CAETANO (*Señor de Outeiro, Presidente do Comité de Cidadáns de Orde*)

ENRIQUE PEINADOR

ESTER / FERNADO (*Casa na que se esconde o Paco*)

EVELINA (A muller de Paco)

FERMIN PENZOL

FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

MANUEL GÓMEZ ROMÁN

MORENO (*Coronel golpista e gobernador civil*)

RAMÓN OTERO PEDRAYO

RAMÓN PIÑEIRO

RICARDO CARBALLO CALERO

SILVERITO (*Xefe da Garda Cívica*)

## ***Almas na Gloria: Don Paco***

### **1**

***O Álvaro, o R.O.Pedrayo, e o Ricardo C. Calero. Esperan no cemiterio polo Francisco Fernández del Riego para celebrar a Festa das Letras Galegas na súa honra. É o día dezasete de maio do ano 2023.***

**ÁLVARO**

**Paco, espílete, que levamos tres anos a agardar por ti.**

**PEDRAYO**

**Pasariálle algo? Paco sempre chegou en punto.**

**ÁLVARO**

**Unha miga adiantado. Sempre andou unha miga adiantado.**

**PEDRAYO**

**O nó da garabata. Ben seguro que se enredou co nó da garabata. Hoxe estreará garabata, digo eu.**

**CARBALLO**

**Estrea ho! Garabata e traxe. Hoxe o Paco non pasa por menos.**

**ÁLVARO**

**Iso corre da man da Evelina. Ela déixalle a roupa ben aquelada antes de se iren á cama.**

**PEDRAYO**

**Levo unha miga pensando no caso. A miña reflexión lévame a concluír que a causa do atraso ten que ser o nó da garabata.**

**ÁLVARO**

**Pedrayo, estás a fundamentar o teu razoamento no vestiario e non vas ó quid da cuestión. O motivo ten que ser algo máxico.**

**CARBALLO**

**Cunqueiro, que non estamos para meigallos nin para feitizos. Hoxe, festa rachada.**

**PEDRAYO**

**Dinos, pois, Ricardo, cal é o quid da cuestión?**

**CARBALLO**

**O peiteado. O peiteado para o Paco é un ritual. O Paco estarase a demorar na barbaría do Pallarego.**

**ÁLVARO**

**Non. Foi que lle pasou algo. Algo máxico lle pasou. Pasou. Pasou. Algo máxico. Iso é o que lle pasou.**

**PEDRAYO**

**E que foi o que lle pasou?**

**ÁLVARO**

**Que morreu. E, cando se dá ese caso, as persoas mudan os hábitos.**

**CARBALLO**

**Iso é certo. A últimos do 2010 foi o seu pasamento. Co pasamento perdeu o hábito de fumar e canda o fume do xaruto esfumóuselle a puntualidade.**

**PEDRAYO**

**Pois xa vai con tres anos de retraso. O Paco debeu extraviar o cronómetro ou esquecerse da festa.**

**ÁLVARO**

**Esquecerse o Paco da festa? Non ho. Só no caso de que se lle fose a cabeza.**

**CARBALLO**

**Se a tivese organizado él non pasaría iso. Deixouno nas mans da Academia e pasou o que pasou.**

**PEDRAYO**

**E que foi o que pasou?**

**CARBALLO**

**O Paco tivo que pedir cita e despois quitar número e poñerse na cola e agardar a súa quenda.**

**PEDRAYO**

**O Paco mudou os hábitos por tan pouca cousa?**

**ÁLVARO**

**Tan pouca cousa, non. O pasamento muda a vida de calquera.**

**PEDRAYO**

**Para falar con fundamento, primeiro hai que reflexionar, e despois, argumentar. Argumentar e sacar as consecuencias.**

**ÁLVARO**

**Reflexionar sobre que materia, Ramón, e sobre que materia temos que argumentar e sacar as consecuencias.**

**PEDRAYO**

**Sobre o estado.**

**ÁLVARO**

**Sobre o estado?**

**PEDRAYO**

**Sobre o estado. Non e o mesmo estar vivo que estar morto. No estado de morto os parámetros non contan.**

**CARBALLO**

**Ramón, decátaste de que estás a facer unha reflexión escatolóxica? Non estamos nun faladoiro co Cuevillas e mais o Risco. Viñemos á festa do Paco.**

**PEDRAYO**

**Escoita, rapaz. Aquí só hai un estado. O estado de morto. Eu estou morto, ti estás morto, él (*o Álvaro*) está morto. Nós estamos mortos e o Paco está morto. E no estado de morto non hai parámetros. Hai eternidade.**

**CARBALLO**

**E-ter-ni-da-de! E a eternidade non é un parámetro?**

**PEDRAYO**

**Non. No estado de eternidade non sucede nada. Non hai eventos. Non hai présas. Non esperamos nin desesperamos. Só estamos.**

**CARBALLO**

**Ramón, que viñemos á festa do Paco e estamos a esperar por el. Non negues a evidencia.**

**PEDRAYO**

**O feito de sentírmonos mortos demostra que somos inmortais. Os mortos vivimos na memoria do país, que é a onde acontecen estas pomposidades. O Paco xa vai para trece anos que goza do estado de morto vivente na alma colectiva do pobo, da que hoxe emerxe e se significa como a figura homenaxeada no Día das Letras Galegas.**

**ÁLVARO**

**Será por iso polo que o Paco se atrasa. Estará a se preparar para a foto.**

**CARBALLO**

**Estará a se peitear. Non se ía presentar esguedellado na súa festa.**

**ÁLVARO**

**A culpa vai ser da Evelina. Quizabes se esquecese de lle meter o peite no peto da chaqueta nova.**

**PEDRAYO**

**O Paco peca un pouco de presumido.**

**ÁLVARO**

**Pon vaidoso, Ramón, pon vaidoso. Con dicir tantos pes cuspes a un. Paco-peca-pouco-presumido. Un trabalinguas.**

**PEDRAYO**

**Oes, Ricardo, pon o himno de Riego, verás como o Paco aparece de contado.**

**ÁLVARO**

**Ramón, que hoxe é festa. Poñédelle *A Miña Burriña***

**PEDRAYO**

**Ricardo, que ti tamén es republicano. Concédelle iso ó noso Farruquiño, que o Rafael del Riego pode que fose devanceiro del. Se cadra, tamén se apunta ó serao.**

**ÁLVARO**

**Non. O Paco, nas festas, quere *A Miña Burriña*.**

**CARBALLO**

**Pois vai *A Miña burriña*.**

***(Soa A Miña Burriña.)***

***Aparece o Paco fumando un cigarro habano. O Álvaro entoa:***

**Parabéns para ti (bis)**

**ÁLVARO**

**Sesenta anos, Paco. Hai sesenta anos. Que argallaches esta festa, a Festa das Letras Galegas.**

**PACO**

**Anos duros, aqueles.**

**PEDRAYO**

**E tan duros. Anos de medo.**

**PACO**

**Tempos de policía e silencio.**

**ÁLVARO**

**E fuches ti, Paco. Fuches ti quen tramou o Día das Letras Galegas. Teimudo e lento como un boi, aferrácheste á idea e turraches e turraches ata que te saíches coa túa.**

**PACO**

**A nosa xeración, a Xeración Galaxia, non podía quebrar a liña iniciada por Faraldo e Solís e fanada polo golpe de estado do 1936. Tiñamos que ser a embigueira que transmitira a Galiza culta e autónoma da Xeración Nós e do Partido Galeguista á xeración seguinte. E iso foi o que fixemos.**

***(A festa sucede nun ambiente onírico de cemiterio. O xogo da memoria e e fantasía vai sacando os personaxes á conciencia como protagonista da secuencia ou reducíndoos a sombras ambulantes ou estatuas chantadas no subconsciente.)***

***A represión. Setembro, 1936***

**3**

**DON CAETANO**

**Ás ordes de usía, meu coronel.**

**MORENO**

**Sente, don Caetano, sente. Unha copa?**

**DON CAETANO**

**Grazas, señor gobernador. Non a debo aceptar. O xantar producíume cortón. Unha copa non me prestaría ben. Escúseme.**

**MORENO**

**Non se preocupe. Fixeron o traballo?**

**DON CAETANO**

***(Entrégalle un cartafol)***

**Misión cumprida.**

**MORENO**

**Está completo?**

**DON CAETANO**

**Conforme ás ordenanzas da súa excelencia, señor gobernador, o Comité de Cidadáns de Orde, que teño a honra de presidir, convocado en tempo e forma polo noso secretario, o reverendo don Pascual, estivemos reunidos no Pazo de Deputación ata ben entrada a noite.**

**MORENO**

**Faltou alguén?**

**DON CAETANO**

**Non. Houbo pleno, puntualidade, orde, disciplina e traballo.**



**MORENO**

**Moi ben. Continúe.**

**DON CAETANO**

**Seguindo as instrucións remitidas pola súa excelencia, repasamos o censo nome por nome. Aí ten a relación dos elementos e os informes das súas condutas e actividades, clasificados en tres lotes: os elementos que son materia do Consello de Guerra; os elementos que deben ser eliminados polo procedemento dos paseos; e os elementos que deben ser multados e suspendidos de emprego e soldo pola súa conduta escandalosa: maricóns, amancebados, ateos e desafectos.**

**MORENO**

**Bo servizo á Patria.**

**DON CAETANO**

**Grazas. Ordena algo máis?**

**MORENO**

**Non. Pode retirarse.**

**DON CAETANO**

**Tereino informado.**

**Ás ordes de usía, meu coronel.**

**4**

**SILVERITO**

**Ás ordes de Usía. Preséntase o Xefe da Garda Cívica.**

**MORENO**

**Descanse.**

**SILVERITO**

**Temos zafarrancho?**

**MORENO**

*(Saca do cartafol o segundo lote.)*

**Aquí ten a relación dos elementos que deben ser eliminados polo procedemento dos paseos. Son da súa incumbencia.**

**SILVERITO**

**Páseme o lote.**

**MORENO**

*(Móstralle a carpeta)*

**Delego en vostede, doutor Silverito, como Xefe da Garda Cívica, a responsabilidade de dirixir as operacións.**

**SILVERITO**

**Grazas! Será un honor servir a España.**

**MORENO**

**Convoque os Xefes das Milicias. Xa sabe: Xuventudes de Acción Popular, Falanxe, Cívicos...**

**SILVERITO**

**Como ordene a súa Excelencia, señor gobernador.**

**MORENO**

**Encárguese de coordinar persoalmente os pelotóns de traballo. Eu fornecereino de todo canto precise: efectivos da Benemérita, armamento, munición, automóbiles... Do que precise.**

**SILVERITO**

**Como ordene Usía, meu coronel. A ver, páseme a lista.**

**MORENO**

**Como non?**

*(Entrégalla.)*

**SILVERITO**

**Coñó! De primeiro! Aquí está! De primeiro. Téñolle ganas. Téñolle ganas. Por fin vai caer nas miñas mans.**

**MORENO**

**Algún coñecido?**

**SILVERITO**

**É un paxaro de moito pico e moita pluma.**

**MORENO**

**Un maricón?**

**SILVERITO**

**Non. Un galeguista moi dado ás palestras e ós panfletos. Xa eu me encargarei do seu peteiro e da súa pluma.**

**MORENO**

**De quen se trata?**

**SILVERITO**

**De Francisco Fernández del Riego. O axitador da universidade.**

**MORENO**

**Un estudante?**

**SILVERITO**

**Non. Peor. Vén de rematar a carreira de Dereito. Agora é profesor.**

**MORENO**

**Del Riego?**

**SILVERITO**

**O mesmo. O del Riego. Si, o del Riego.**

**MORENO**

**Sóame moito. Del Riego?... Del Riego? Coño! Xa caio. O himno co que os roxos nos tiran do xenio.**

**SILVERITO**

**Ó parecer vén sendo da casta do famoso Rafael del Riego, o do himno, o de Cabezas de San Juan.**

**MORENO**

**De casta lle vén ó galgo. Si. Vénlle de casta.**

**SILVERITO**

**Neste informe hai materia para un Consello de Guerra.**

**MORENO**

**Hai armas ou sangue?**

**SILVERITO**

**Non.**

**MORENO**

**Pois é mellor que caia nas nosas mans. Se está no lote dos paseos, por algo será.**

**SILVERITO**

**O informe non ten desperdicio. Escoite: Este elemento, o del Riego, chegou á universidade de Compostela no outono do 31, procedente dos cenáculos republicanos de Madrid. E como dirixente do sindicato de estudantes organizou desordes e algaradas sen parar.**

**MORENO**

**Ese cabrón veu provocar problemas.**

**SILVERITO**

**Namáis chegar incorporouse a ese niñoiro de separatistas coñecido como Seminario de Estudos Galegos. Nos seus delirios arredistas chegou a izar a bandeira galega máis dunha vez.**

**MORENO**

**Crime moi grave contra a unidade da nación española e contra os seus símbolos.**

**SILVERITO**

**Está afiliado ó Partido Galeguista, no que se significou como propagandista e activista na campaña electoral da Fronte Popular.**

**MORENO**

**Un antiespañol. Un desafecto.**

**SILVERTO**

**Andou en todos os contubernios cos separatistas vascos e cataláns tramando a maneira de romper España e de repartírense entre eles as talladas.**

**MORENO**

**Roxo, republicano e separatista. Este é un elemento de sumarísimo. Se o poñen nas nosas mans por algo será. Ben vido sexa. Xa nós lle daremos o café.**

**SILVERITO**

**Xa me encargo eu. Estará agochado. De pouco lle vai valer. Non tardaremos en dar con el.**

**MORENO**

**Son uns cagados. Moito de pico e moito de pluma; pero, á hora de poñer os collóns, entóbanse como coellos.**

**SILVERITO**

**Temos bos informadores. Pronto o sacaremos do seu cubil. Ordena Usía algunha cousa máis?**

**MORENO**

**Non. Pode retirarse.**

**SILVERITO**

**Ás ordes de Usía, meu coronel.**

*(O Paco agachado na casa duns amigos dos seus pais.)*

**ESTER**

**Pasa, Paquiño, pasa. Xa o falamos o Fernando e mais eu. Foi o Fernando quen lles pediu ós teus pais, o Vicente e mais a Amanda, que te mandasen para a nosa casa.**

**PACO**

**Grazas, dona Ester. Eu sempre me sentín a gusto na súa casa. Agora as cousas non andan ben para min. Eu non quero causarlles problemas por nada do mundo.**

**ESTER**

**Paco, ninguén vai sospeitar que pousas na nosa casa.**

**PACO**

**Non hai lugar seguro, dona Ester, non hai lugar seguro. Mire o que trae a prensa. escoite o que di a radio e o que contan as leiteiras.**

**ESTER**

**Hai lugar seguro, Paquiño, hai. Esta casa é un lugar seguro. Nós somos unha familia de lei, católicos de misa diaria e non nos metemos na política. Quen vai sospeitar de nós?**

**PACO**

**Calquera, dona Esther, calquera que lles teña envexa, ou mesmo un falanxista. Ben sabe que os falanxistas ven mal os católicos e sospeitan ata da súa propia sombra.**

**ESTER**

**Non digas bobadas, Paco.**

**PACO**

**Bobadas? Cada falanxista espía mesmo os seus camaradas. Son mala xente, dona Ester, mala xente.**

**ESTER**

**Vouche traer algo de comer. Non quero que a túa nai te encontre desmellorado.**

**PACO**

**Grazas, dona Ester. Os nervios puxéronme un carozo no estómago e non me entra nada.**

**ESTER**

**Mira, Paquiño, eu teño que saír á rúa. Voume aviar. Nun credo estou lista. En canto e non, pensa se queres que che traia algo.**

**PACO**

**Se me puidese botar esta carta?**

**ESTER**

**E non ía poder? Trae. E non lle pos remite?**

**PACO**

**Daría pistas. Por favor, teña moito coidado. Temo por vostedes, dona Ester. Temo por vostedes.**

**ESTER**

**Descoida. Vou a Cáritas. Alí conto con amigas de confianza. Son oas cristiás e son almas caritativas. Queres que che traia algo?**

**PACO**

**Os periódicos, por favor.**

**ESTER**

**Volvo nun santiamén. Queda con Deus.**

**PACO**

**Ata a volta, dona Ester, ata a volta.**

**FERNANDO**

**Paco, Paco, es ben recibido na nosa casa. Espero que te encontres a gusto.**

**PACO**

**Grazas, don Fernando. Non sei como lles poderei pagar o que vostede e mais a dona Ester están a facer por min.**

**FERNANDO**

**Ai Paco, Paco. A amizade non se paga. Confío en que sigamos gozando da nosa amizade moitos anos.**

**O Vicente encargoume que che entregara este oficio que che remitiron da Universidade.**

**PACO**

***(Lei o oficio)***

**Este rectorado resuelve suspender de empleo y sueldo así como inhabilitar para el ejercicio de cualquier función pública a don Francisco Fernández del Riego.**

**FERNANDO**

**Malas noticias?**

**PACO**

**Malas. Moi malas.**



*Soldado de Franco*

**ESTER**

**Xa estou de volta.**

**Paco, aquí tes os periódicos.**

**PACO**

**Moitas grazas.**

*(Colle os periódicos e retírase ó seu cuarto.)*

**FERNANDO**

**Ester, as cousas van de mal peor. O rapaz non está seguro na nosa casa.**

**ESTER**

**O Paquiño é un cacho de pan.**

**FERNANDO**

**Estoupou moitos charcos. Informáronme de que o buscan. Teñen a familia e a noiva vixiados e andan atando cabos.**

**ESTER**

**Como van desconfiar de nós? Ti es da Adoración Nocturna e eu de Cáritas Diocesana.**

**FERNANDO**

**O paco é fillo do Vicente e da Amada e nós somos amigos deles. Iso sábese. E o Vicente, na súa mocidade, andou cos agrarios e agora andaba cos republicanos. Non é afecto. Iso tamén se sabe. E a ascendencia da Amada parece ser que está emparentada con xeneral del Riego. Sexa verdade ou non o sexa, o caso é que o apelido faino sospeitoso. Hoxe todos somos sospeitosos e todos estamos espiados.**

**ESTER**

**Ai Fernando, por Deus, non me asustes.**

**FERNANDO**

**Temos que buscarlle un lugar máis seguro ó Paco.**

**ESTER**

**A onde vai estar máis seguro que na nosa casa?**

**FERNADO**

**No exército. Chamaron a filas os da súa quinta. Que se presente no cuartel como están a facer algúns dos seus amigos. Un soldado do exército de Franco está a salvo.**

**ESTER**

**Pode morrer na fronte de combate.**

**FERNANO**

**Pode; pero é pouco probable. O uniforme de soldado nacional é o lugar máis seguro para el.**

## **8**

### ***Posguerra***

***(Con Evelina no Barco de Valdeorras.)***

**EVELINA**

**Paco, Paco! Canto teño desexado este momento: Volverte ver. Volverte abrazar. Volverte sentirá miña beira.**

**PACO**

**Tamén era o que eu máis desexaba. Non te imaxinas as veces que soñei con este encontro. Non te imaxinas o longa que se me fixo esta viaxe.**

**EVELINA**

**Están canso?**

**PACO**

**Non. Ó baixar do tren aquí, no Barco de Valdeorras, sentín que pisaba na miña terra, que respiraba o meu aire, que me quentaba o meu sol e que estabas ti. Dentro do que cabe, síntome moi feliz.**

**EVELINA**

**Has traer fame. Que che poño?**

**PACO**

**Non, non. Ó pasar por Astorga merquei unha caixa de madalenas. Polo camiño distraínme coméndoas e mirando a paisaxe. Agora non teño fame.**

**EVELINA**

**Acabouse a guerra, Paco. Por fin a maldita guerra acabouse.**

**PACO**

**Mira, Evelina, a que situación cheguei. Eu, soldado de Franco! Por salvar a miña vida sacrifiquei os meus ideais.**

**EVELINA**

**Agora, Paco é tempo de resistir. Nós non fixemos a guerra. Nós non renegamosdos ideais. Ninguén nolos puido matar. Só conseguiron poñelos en hibernación. Florecerán cando volva a primavera. Xa o verás. Agora toca resistir. A primavera volverá.**

**PACO**

**Non é doado sobrevivir. No campo de batalla, a morte. Na retagarda, os asasinados da noite. Que foi dos meus amigos? Uns engulidos polo terror, outros no desterro e outros coreando a**

**Franco. Como sacar da cabeza o Anxo Casal, o Baliño, o Bóveda, o Víctor Casas...? E con eles os ideas e os sonos da nosa Galicia. Que tristura!**

**EVELINA**

**A guerra rematou, Paco, a guerra rematou. Nós estamos vivos. Ti e eu. Xuntos iremos para adiante. As nosas familias teñen medios. Nos estamos estudados. Buscaremos a nosa forma de vivir. Acharemos un lugar para nós. Seremos felices, Paco, seremos felices. Prométocho.**

**PACO**

**Evelina, a ti necesítote. Es o meu amor. Sen ti todo o demais non vale nada. Quérote. Aínda así, na vida, contan tamén os amigos, os ideais, os proxectos... todo iso tamén conta e conta moito.**

**EVELINA**

**Eu non quero ser todo na túa vida, Paco. Eu só quero ser a túa compañeira. E compartirei todo o demais contigo.**

**PACO**

**Sinto que te quero, Evelina. Todo o demais é confusión. Deixáronme sen traballo e inhabilitado. Periga a miña liberdade e a miña vida. Non sei que facer. Os amigos, perdidos; os ideais, apedrados; a República, derrotada; a lingua, desterrada; a Autonomía, proscrita. Estou no fondo do pozo. Nin teño forza para camiñar nin vexo un camiño para andar.**

**EVELINA**

**O camiño somos nós, Paco. Nós somos o noso camiño. Ti e mais eu. Agora aséate, come e descansa. Eu vou tirar ese macuto de piollos que tras da guerra e vouche mercar roupa nova. Mañá principiamos de novo. Mañá escríbeslle ós teus amigos que quedan e despois, despois, despois abriremos camiño e botarémonos a andar.**

***En Vigo. Recuperar o galeguismo  
Encontro co EnriquePeinador***

**ENRIQUE**

**Paco, Paco! Que grata sorpresa. *(Abrázanse intensamente)***

**PACO**

**Enrique, meu amigo.**

**ENRIQUE**

**A que se debe a túa presenza en Vigo.**

**PACO**

**Eu agora vivo aquí, en Vigo.**

**ENRIQUE**

**Vives en Vigo?**

**PACO**

**Vivo.**

**ENRIQUE**

**E eu sen sabelo!**

**PACO**

**Xa levo unha tempada.**

**ENRIQUE**

**Pero, Paco, como non me fixeches unha visita?**

**PACO**

**Non sabía nada de ti. A última vez que nos vimos foi na Semana Gelego-Portuguesa, organizada polo Seminario de Estudos Galegos. Lémbreste? A guerra apedrou os nosos sonos.**

**ENRIQUE**

**E tanto que os apedrou.**

**PACO**

**Eu estou bastante illado. A barbarie destruíu a nosa vida e os nosos proxectos. A Evelina di que están hibernados. Porén, eu non vexo sinais de que rompa a nosa primavera. Se Hitler gaña a guerra... Non o quero nin imaxinar.**

**ENRIQUE**

**Leva razón Evelina e tamén ti a levas. As cousas mudan de vagar. Teremos que empurralas para que se poñan en movemento. ¿E como foi que viñeches parar a Vigo?**

**PACO**

**Fuxindo. Tiven que fuxir de Santiago. Non tiña a onde caerme morto, a non ser na gabia que me ofrecían os pistoleiros do terror. Grazas ó amigo Valentín Paz Andrade, que me botou unha man, achei refuxio nesta cidade, na que xa levo uns poucos meses de clandestino.**

**ENRIQUE**

**E de que vives?**

**PACO**

**Cando cheguei a Vigo viñan de prender o Valentín. Aínda así deixara disposto traballo e pousada para min.**

**ENRIQUE**

**Un grande home o Valentín. Un grande home**

**PACO**

**E un grande amigo. Despois funme abrindo camiño no ensino privado. Pasei fame e medo. Cada mañá recibía o saúdo dun**

**falaxista recordándome que “estaba a vivir co permiso do enterrador”. Sinto, sinto o alento da social no cocote. Sinto a friaxe da morte nos ósos. Sinto a espada de Damocles encima miña cabeza.**

**Sabes algo do amigo Román? Segue mantendo o estudo de arquitectura?**

**ENRIQUE**

**O noso querido Román tamén está a pasar momentos moi duros. Mantén o seu estudo. Non lle vai ben. Vive agachado e illado.**

**PACO**

**Enrique, convídao a un encontro. Quero velo.**

**ENRIQUE**

**Iso está feito.**

**PACO**

**Eu vou casar coa Evelina.**

**ENRIQUE**

**Parabéns!**

**PACO**

**Grazas. Na súa compañía a vida é máis levadeira. Tamén asisto a un faladoiro con vellos amigos, os Andrade e Carlos Maside, con quen comparto paseos e desafogos. Nos faladoiros hai que ter conta da lingua. Mesmo conversar en galego é perigoso.**

**ENRIQUE**

**Temos que falar máis. Pronto nos veremos co Román.**

*(Román, Paco e Enrique. Na casa de Enrique)*

**ENRIQUE**

**Este momento é un sono para min. Volver a xuntármonos xa é unha vitoria. Paco, vento que pronto vai romper esa primavera, da que fala a Evelina.**

**ROMÁN**

**Pensades que Hitler vai perder a guerra?**

**ENRIQUE**

**Estou seguro. E con el caerá Franco.**

**PACO**

**A guerra dispersounos e estivo a pique de acabar connosco. Agora mesmo esta xuntanza é perigosa.**

**ROMÁN**

**Se Franco cae, coa derrota de Hitler, restauraremos a República, poñeremos a funcionar o Estatuto e o Galego volverá florecer.**

**ENRIQUE**

**Oxalá teñas razón. Debemos pensar en reorganizarnos.**

**PACO**

**Nin sequera sabemos cantos quedamos.**

**ROMÁN**

**En Vigo, poucos.**



**PACO**

**E poucos e vixiados.**

**ENRIQUE**

**Pois imos dar nós o primeiro paso.**

**PACO**

**Non sei que é o que o tedes pensado. Por min, adiante. Fala.**

**ENRIQUE**

**Primeiro saber cantos somos. Facer o relato dos que quedamos e despois ver o modo de reorganizármolos.**

**ROMÁN**

**Si, claro. O primeiro é reorganizarnos; pero quen se vai expoñer a facer os contactos? O día menos pensado pode aparecer tirado nunha gabiá.**

**ENRIQUE**

**Iso tamén o temos que pensar.**

**PACO**

**A persoa adecuada sería o Piñeiro. Coñezoo ben dos tempos das Mocidade e do Partido. É un home dunha calidade excelente. Supoño que seguirá en Lugo.**

**ROMÁN**

**Cata! O Piñeiro é un home listo e prudente. Sería a persoa idónea para facer os contactos.**

**ENRIQUE**

**Teño a maneira de saber del. O Vallina, lembrádesvos do Vallina?**

**ROMÁN**

**Home! Foi o secretario do Partido en Lugo.**

**ENRIQUE**

**Servando Gómez-Aller de la Vallina é de cerna galeguista. Estades de acordo, non?**

**ROMÁN**

**Por suposto. Foi compañeiro do partido.**

**ENRIQUE**

**Iso non o priva, cousas que pasan, de ser amigo e protexido do poderoso falanxista o Pedrosa. Por iso vén de ser nomeado Delegado do Instituto Social da Mariña en Vigo. Convidoume á toma de posesión e ofrecéuseme para retomar a causa.**

**PACO**

**Pois, xa está. Voulle mandar por el un convite ó Piñeiro para que veña pasar uns días á miña casa.**

**11**

**PIÑEIRO**

**Non me sorprende o teu convite, amigo Paco. Non me sorprende. Este encontro era inevitable. O que me preocupaba era dar coa maneira de burlar os da social.**

**PACO**

**Tamén aquí, en Vigo, precisamos astucia para movérmonos na clandestinidade.**

**PIÑEIRO**

**O que ti pretendes é arriscado. O Réxime mudou os dereitos políticos e culturais en crimes de guerra, suxeitos á xurisdición militar.**

**PACO**

**Pois temos que recuperalos. Temos que refundar o partido e temos que revitalizar as institucións culturais. No exilio sigue funcionando o partido e séguese a facer cultura. Pero aquí nin unha cousa nin a outra.**

**PIÑEIRO**

**Nós témolo difícil. Estamos a ser vixiados e perseguidos pola Igrexa, polo Exército e pola Falanxe. A propaganda está a endeusar a figura de Franco co mito do Caudillismo e co mito Imperial. Témolo difícil.**

**PACO**

**Disolveron o Seminario de Estudos Galegos. A biblioteca foi expurgada e rapinada. Arrasaron a editorial Nós. Quitáronos a posibilidade de expresarnos na nosa propia lingua. Un xenocidio, Piñeiro, un xenocidio. A nosa xeración ten o deber histórico de recoller o legado da xeración anterior e de transmitirlo a xeración que nos suceda.**

**PIÑEIRO**

**Si, Paco, si. Temos esa misión histórica. O primeiro é a lingua. A lingua é a esencia espiritual do país. Sen a nosa lingua non somos nós. O Réxime impón a lingua castelá con fanatismo relixioso: falar en cristiá. O uso doutra lingua é un crime grave contra a unidade da España católica.**

**PACO**

**Pois non podemos resignarnos. Temos que abanear as conciencias. Temos que alborear as cabezas e ir abrindo fendas nesa ideoloxía totalitaria. Hai que recuperar as institucións.**

**PIÑEIRO**

**A única institución que nos queda é a Academia da Lingua.**

**PACO**

**Pois imos principiar por recuperar a Academia. Imos chamar o Pedrayo. Con el podemos contar.**

**PACO**

**Pedrayo, chamámoste para estudarmos a maneira de recuperar o uso público da nosa lingua.**

**PIÑEIRO**

**E, como ti ben sabes, a Academia é a única institución pública que nos queda.**

**PACO**

**E ten a responsabilidade de promover a lingua e a cultura. Temos que facernos co control da academia.**

**PEDRAYO**

**A responsabilidade do control e promoción da lingua correspóndelle á política. As Academias das Linguas teñen unha función técnica e pedagóxica.**

**PIÑEIRO**

**Esa idea, de que a Academia ten unha función técnica e pedagóxica, podémola aproveitar para facernos co seu control. Ademais é verdade o que dis, Ramón. As Academias da Lingua só funcionan ben nos estados soberanos e nos imperios, que teñen un exército para defendelas.**

**ROMÁN**

**Temos ben aprendido que a lingua é compañeira do poder. Por iso a nosa Academia non é máis que unha sucursal do Réxime.**

**PACO**

**Pois temos que lle dar á Academia a dignidade e o papel que lle corresponde.**

## **PIÑEIRO**

**A Academia foi un bo puxón do Curros e mais do Fontela Leal desde a Habana e tamén unha boa idea do Murguía; pero naceu con mal pé e peores agoiros. Uns considerábana como unha sementeira de separatistas e outros como un presebe de corruptos.**

## **PEDRAYO**

**A lingua é de seu unha arma política. Os españolistas fan apoloxía da castelá e aldraxan a galega por estratexia colonizadora. Os separatistas úsana como medio para proclamar unha Galiza Soberana. As cousas está así. E resulta que a Academia está ó servizo do réxime. Que podemos esperar dela?**

## **PACO**

**Pois, como dicía o Risco, temos o dereito e o deber da reconstrución espiritual, política e económica de Galicia. E iso implica a conservación da Civilización Galega na Lingua, na Arte e nos Costumes.**

## **PEDRAYO**

**Así é. Temos ese dereito e ese deber.**

## **PACO**

**E non no lo poden negar porque nós non imos contra ningunha lingua. Nós vemos con simpatía todas as linguas. Nós somos solidarios con todos os Estados. Nós só queremos usar a nosa lingua e acadar a nosa soberanía. E acabouse a cuestión.**

## **ROMÁN**

**A Academia ten que ser o instrumento que potencie a nosa lingua e a eleve á categoría de idioma.**

## **PIÑEIRO**

**Eu estou de acordo contigo. Comparto esa idea. Pero a realidade é que vivimos nunha sociedade que ten enquistados fondos prexuízos lingüísticos e sociolóxicos; prexuízos sostidos**

**polos fortes intereses do poder, ós que serven os nosos académicos.**

**CUNQUEIRO**

**Pois iso é o que se ten que acabar.**

**PEDRAYO**

**Niso estamos; mais, como convertemos os académicos ó galeguismo? A maioría deles son intelectuais de maseira, ou, dito coas palabras do Risco, porcos de pé. A Academia pouco máis é que un elemento decorativo para Galicia.**

**PACO**

**É certo que na situación política, na que estamos, a Academia Galega só ten un valor simbólico. Mais goza de certo carácter representativo.**

**PIÑEIRO**

**Só a nivel oficial.**

**PACO**

**Pois temos que aproveitalo. Ese valor pode ser o noso instrumento clave. Non nos imos guiar polas ideas dos arredistas, que propoñen unha terapia de quirófano que nos levaría á cadea. E menos nos imos guiar polos imperialistas españoles, que levitan no cosmopaletrismo e que se mofan da nosa lingua, á que cualifican como dialecto de feira e furancho, e nos levarían ao suicidio. Temos que ser realistas: entre o que queremos e o que nos censuran, con astucia, ir facendo o que podemos. O Réxime pon as leis, os nosos dereitos esíxennos tensalas ata dobregalas.**

**PEDRAYO**

**Paco, tes pensado algunha estratexia para facérmonos coa Academia?**

**PACO.**

**Unha sinxela. Moi sinxela. A estratexia da substitución.**

**PIÑEIRO**

**Cata! Iso sería o ideal. Pero para substituír hai que destituír.**

**PACO**

**Diso encárgase a morte. Pedrayo, na primeira vacante, vas propoñer como candidato o Ricardo Caballo Calero. Nós moveremos os fíos para que saia.**

**PIÑEIRO**

**É boa idea. Lenta, pero boa. Se ocupamos as cadeiras da Academia recuperaremos a lingua e a cultura.**

**13**

***Fundar a Editorial Galaxia***

**PACO**

**Nós esperabamos que coa derrota de Hitler caese o fascismo e na súa caída arrastrase a Franco. Esperabamos iso dos aliados.**

**PIÑEIRO**

**Os Estados non se moven por ideais. Xa nolo advertiu Maquiavelo. Os Estados móvense por intereses.**

**PACO**

**E xa ves que pronto se apresuraron en recoñecer e consolidar o réxime de Franco. O Vaticano co pretexto da civilización cristiá e USA co pretexto do comunismo.**

**PIÑEIRO**

**A vía política non funciona, Paco, non funciona. No exterior Castelao agoniza e o partido esmorece con el. Non nos**

**enganemos: os emigrantes non van facer política. Van buscar fortuna. E aquí, no interior, a xente ten de abondo con ocuparse de sobrevivir.**

**PACO**

**Pois, Ramón, nós non podemos baixar os brazos nin resignarnos a resistir e agardar. Temos que remexer os pousos do réxime e sementar o desasosego na sociedade.**

**PIÑEIRO**

**A vía que nos queda é a da educación política. Agora toca facer política cultural. Ti levas razón. Agora temos que espertar os ideais hibernados polo terror. Temos que estimular e desacougar as consciencias da mocidade.**

**PACO**

**Xa o teño falado co Xaime IIIa. A idea é fundar unha editorial. Sería a embigueira que lles aportase ás novas xeracións o proceso cultural tronzado polo golpe de estado.**

**PIÑEIRO**

**É unha idea excelente. Daríalle continuidade á nosa cultura e ofreceríalle oportunidades á nova vida literaria. Faría un magnífico papel na reconstrución da identidade galega. Haina que madurar. O Réxime non o vai permitir.**

**PACO**

**A xestión e os trámites deixámoslos nas mans do Xaime IIIa. El móvese ben nese campo.**



*Recuperación de Álvaro Cunqueiro para a literatura galega.*

**PACO**

**Álvaro! Pero, se es o Álvaro! Non te facía en Mondoñedo.**

**ÁLVARO**

**A vida da unha chea de voltas, Paco, unha chea de voltas.**

**PACO**

**A vida rula para todos, Álvaro. Para todos.**

**ÁLVARO**

**Un sempre retorna ós lugares da infancia, ós amigos da infancia, ós xogos da infancia, cando está perdido e necesita buscarse a si mesmo.**

**PACO**

**Si, Álvaro, si. Eu tamén veño a Lourenzá cando me sinto perdido e preciso reencontrarme comigo.**

**ÁLVARO**

**Aquí os montes son maxia. O aire é música. A auga é menciña. A paisaxe é sosego. A barbería é universidade. E o Pallarego é catedrático. Eu, de cativo, quería ser escritor.**

**PACO**

**Eu descubrín Galiza en Madrid. Ensináronma os poetas e Vicente Risco. E fixéronma sentir uns bárbaros, que se mofaban do esperpento da Galiza que circula por España.**

**ÁLVARO**

**Ai, os anos da universidade, Paco. Con que fervor vivimos aquel galeguismo republicano! Eu extraviei o camiño, Paco. Extraviei**

**o camiño... O medo, a presión da familia... Eu quería ser escritor.**

**PACO**

**Todos tivemos medo, Álvaro. Todos tivemos medo. Non fuches ti o único que salvou o peello disfrazándose co uniforme da falanxe. Tamén eu salvei o meu co uniforme do exército de Franco.**

**ÁLVARO**

**Eu estou fundido, Paco, fundido. Déronme de baixa na Falanxe. Retiráronme o carné de xornalista. Mesmo pasei pola prisión. A miña economía está na ruína e non é mellor a miña situación familiar.**

**PACO**

**Álvaro, retoma a adolescencia. Volve escribir en galego. Volve inspirarte na maxia dos montes e na música do aire.**

**ÁLVARO**

**Non, Paco, non. Nin eu teño folgos para escribir nin hai xornais que queiran os meus escritos nin editoriais que publiquen os meus relatos.**

**PACO**

**Non digas iso, Álvaro. Ti es a mellor fantasía que coñezo. Comeza a escribir en galego. Xa daremos co medio de publicalo.**

**ÁLVARO**

**Non son capaz de escribir letra. Non me concentro. Non me sae nada. Non durmo ben. Eu fracasei, Paco, eu fracasei. Equivoqueime de camiño e de compañeiros de viaxe. Eu quería ser escritor. A Falanxe ofreceume a oportunidade.**

**PACO**

**Eu son o responsable de suplemento cultural dos sábados do diario *La Noche*. Quero a túa colaboración. Necesito un texto teu para o número do sábado que vén. Ah, escrito en galego e sobre un tema noso.**

*Paco académico*

**PEDRAYO**

**Paco, a Academia marcha ben. Voute propoñer a ti como candidato para a cadeira do finado Cuevillas.**

**PACO**

**Non. Eu non podo aceptar.**

**PEDRAYO**

**E como non vas poder?**

**PACO**

**Teño todo o tempo ocupado.**

**PEDRAYO**

**Ti non tes que facer nada. Eu presento a túa candidatura e punto.**

**PACO**

**Estou a facer o meu traballo con bos resultados. Imos ocupando nós as cadeiras vacantes e a Academia vai collendo o Norte.**

**PEDRAYO**

**Ese traballo, que ti fas, xa está encamiñado. Necesítamoste. Eles presentan a súa candidatura. Se nós te presentamos a ti, gañamos de seguro.**

**PACO**

**Ramón, acepto por servizo e disciplina. Non por gusto nin por convencemento.**

***O día internacional do libro, 23 de abril, Evelina agasalla a Paco cun paquete e un caravel.***

**EVELINA**

**Feliz día, Paco, feliz día do libro.**

**PACO**

**Es un amor, Evelina. Sinto non che corresponder como mereces. Este meu traballo non me deixa gozar da túa beira como os dous quixeramos. Pídoche que me escuses.**

**EVELINA**

**Anda, Paco, anda. Deixa de dicir prosmeiradas e abre o paquete.**

**PACO**

**Cantares Gallegos! Teño un exemplar en cada mesa de traballo. Este levareino sempre comigo. Quero un retrato teu para poñer de marca páxinas. Pídoche que hoxe mesmo vaias ó retratista. Quero un retrato deste día, do día de hoxe.**

**EVELINA**

**Ai, meu Paquiño, como non te vou querer!?**

**PACO**

***(Follea o libro con devoción.)***

**Rosalía describe unha Galicia con personalidade de seu. Unha Galicia con identidade propia e reivindica os trazos que a individualizan: o enxebrismo, o folclore, a paisaxe, o territorio, o idioma, a retransca, a rebeldía... Todo o que define a Galiza como unha nación. *Lei o verso* Cantar hei, Galicia, na lingua galega.**

**EVELINA**

**Rosalía mira Galicia con ollos de muller e percíbea coa cabeza e co corazón.**

**PACO**

*(Co libro aberto no prólogo)*

**E reivindica a fala, como a voz do espírito do pobo. E á ese espírito dálle un corpo material na letra escrita e no libro impreso. E esa fala, aprendida de oídas e sentida no corazón, comeza a ter unha gramática. Con Rosalía a fala recupera a dignidade de lingua. Correspóndenos a nós culminar o traballo e darlle á nosa fala e á nosa lingua a categoría de idioma.**

**EVELINA**

*(Fala desde o cuarto de aseo. Está a se preparar par ir ao fotógrafo.)*

**Coa Isabel, a Católica, pasou como co Franco. A lingua refuxiouse nas aldeas e nas montañas. Con Rosalía regresou ós libros e ás bibliotecas.**

**PACO**

**Pois con nós entrará no parlamento e ocupará os documentos e os boletíns. Será idioma.**

**Vés de darme unha idea.**

**EVELINA**

**Vaia novidade. Non hai día que non che se ocorra unha idea.**

**PACO**

**Non te mofes. É unha boa idea.**

**EVELINA**

**Non paras, Paco. Ti non paras. Non tes acougo. Qué estás pensando facer? Porque as túas ideas son proxectos. Pensas en acción.**

**PACO**

**Este ano que entra cúmprese o centenario da publicación de Cantares Gallegos. Mira. Dío aquí. Na dedicatoria a Fernán Caballero. E pon a data: Santiago, 17 de maio de 1863. Vaise cumprir un século. Un século, Evelina! Esa data non podemos deixar que pase como se nada. Témosta que celebrar con toda solemnidade. Comprendes? Con toda solemnidade!**

**EVELINA**

**Ai, Paquiño, por Deus, rapara a onde te metes. Xa debías estar escarmentado. Ben sabes que as cousas andan moi mal. Os estudantes e os obreiros, revoltos. Hai folgas por todo o país. Franco decretou o estado de excepción nas Vascongadas e Asturias. Teño medo, Paquiño, teño medo de que, á hora menos pensada, se presenten os da político-social e te recollan.**

**PACO**

**É un bo momento, Evelina, temos que aproveitar a ocasión. Con tanto barullo, podemos colarlla.**

**EVELINA**

**Ai, meu Paquiño, que ti es moi botado para adiante. Non esquezas que tiveches que estar entobado e que eles ían por ti coa escopeta cargada. E que estiveches preso. Non unha vez. Dúas. Dúas veces te levaron ó cárcere.**

**PACO**

**Non podemos deixar que pase esa data como un día solto sen máis. Temos memoria, temos historia, temos futuro e temos corazón. É unha boa ocasión para demostralo.**

**EVELINA**

**A brigada anda rabiosa.**

**PACO**

**Contra os políticos. O noso é cultural e non vai contra ninguén. Só pedimos que se se conmemore unha efeméride. E por enriba a protagonista é unha muller con sona de chorimiqueira. Hano tomar como algo folclórico.**

**EVELINA**

**Non, Paco, non. Queres facer oficial a festa do galeguismo. Pódente demandar por delito político moi grave, por atentares contra a Unidade de España. Caerache cadea perpetua ou, se cadra, algo aínda peor, moito peor.**

**PACO**

**Mira, Evelina, temos que ir abrindo fendas na censura. Se iso nos custa volver á cadea, vólvese. Non nos está permitido que o que sementaron os nosos precursores, mimaron os nosos románticos, cultivaron as Irmandades da Fala e floreceu coa Xeración nós, non nos está permitido, digo, que a deixemos esmorecer paralizados polo medo ou esmagados pola bota fascista. Algúns amigos morreron prematuramente no intento, como Bóveda. Outros salvaron a vida no exilio, como Castelao. Outros cubriron a pel co uniforme da Falanxe, como Cunqueiro. Outros refuxiáronse nos templos, como Risco. Os que estamos aquí, temos que dar a cara e poñer o peito.**

**EVELINA**

**Eu, Paquiño, ben o sabes, eu sempre estou contigo. Pero, polo que máis queiras, anda con moito tino. A España Unha é un tabú. Ben sabes o perigoso que é poñer os tabús ó clareo.**

**PACO**

**Non, Evelina, España non é máis que unha idea, unha palabra, o nome dun territorio. España non é un réxime. Tabuaron esa idea para apropiarse dela e usala como ferramenta para agochar os seus intereses particulares.**

**Nós só queremos restaurar a lexitimidade republicana e avanzar de cara a unha Federación Ibérica na que Galiza teña o poder sobre o seu territorio e administre a súa poboación.**

**EVELINA**

**O que eu che digo, Paco, o que eu che digo. Vante acusar de romper España, de desmembrar España, de separatista, ou de arredista. Sabes canta xente levan detido xa no que vai de ano?**

**PACO**

**Só imos celebrar a nosa lingua e honrar os nosos escritores.**

**EVELINA**

**Vós ides facer loita política. Non dis que a lingua é garantía da uniformidade do estado? Cantas veces repites aquilo da doma e castración da Galiza levada a cabo polos reis católicos?**

**PACO**

**É verdade. Todos os imperios exterminan as linguas dos pobos sometidos como técnica de castración da súa capacidade creativa. Todos os imperios imponen a súa relixión como estratexia de dominio. Pero unha cousa é someter e outra dominar. O sometemento só precisa dunha disimetría de forzas. O dominio ocorre no interior das mentes. E iso xógase na educación e na cultura. A cultura fai libres as persoas e os pobos. A liberdade é autonomía, Evelina.**

**EVELINA**

**Non escarmentas, Paco. Non escarmentas. Por esas ideas é polo que vives como Damocles, coa espada pendurada encima da túa cabeza.**

**PACO**

**Unha festa para conmemorar a edición de Cantares Gallegos e honrar a Rosalía non ten porque ofender a ninguén.**

**EVELINA**

**Sabes que a lingua castelá é esencia da hispanidade, que é a arca que garda a reserva espiritual de occidente custodiada polo Caudillo, e ti pretendes substituíla pola lingua galega impunemente?**

**PACO**

**Eu o que pretendo é institucionalizar o Día das Letras Galegas. E punto.**

**EVELINA**

**Paco, eu vou darlle unha graza a estes pelos e ó fotógrafo.**

**PACO**



**Vai tranquila, muller, vai tranquila. E sorri. Quérote sorrindo. O sorriso é o sol da túa cara.**

**EVELINA**

**Teño o corazón nun puño, Paco, teño o corazón nun puño. O que ti pretendes non é inocente.**

**17**

**PEDRAYO**

**Celebro estar con vós.**

**PIÑEIRO**

**Eu tamén o celebro. Estamos os tres pes: Paco, Pedrayo e Piñeiro.**

**PACO**

**Si, estamos os tres pés da nova celebración.**

**PEDRAYO**

**De que celebración estás a falar? Se hai festa eu apúntome.**

**PACO**

**Agora somos maioría na Academia. A Academia ten que dar un paso adiante.**

**PIÑEIRO**

**Paco, fala claro. Ti non nos convocaches para divagar. Que tras entre as mans?**

**PACO**

**Recórdovos que o dezasete de maio Cantares Galegos fai os cen anos. Propoño que esa data se declare o Día de Rosalía.**

**PEDRAYO**

**E que plan tes?**

**PACO**

**Que a Academia leve a iniciativa e faga os trámites.**

**PIÑEIRO**

**Que a Academia declare festivo ese día?**

**PACO**

**Iso mesmo. Que a Academia declare ese día festa de Rosalía.**

**PEDRAYO**

**A Academia non ten competencias sobre o calendario laboral. Non pode declarar días festivos.**

**PACO**

**Ten competencia para propoñelo. Pois que o propoña. Iso xa é motivo suficiente para que se celebre. Os movementos culturais hanse poñer en acción. E se o prohiben, con máis xenio.**

**PIÑEIRO**

**Rosalía aínda non é suficientemente coñecida. É certo que o Centenario de Cantares é motivo suficiente de celebración. Pero, que eu saiba, non hai precedentes.**

**PACO**

**Os actos fundacionais adoitan non teren precedentes.**

**PEDRAYO**

**Aí estiveches ben, Paco. Faláchelo con alguén?**

**PACO**

**Con Evelina.**

**PEDRAYO**

**E ela está conforme?**

**PACO**

**Con reparos.**

**PIÑEIRO**

**Ten medo.**

**PACO**

**E quen non o ten?**

**PIÑEIRO**

**O goberno está furioso. Non dá controlado a situación.**

**PACO**

**Non podemos deixar que o medo nos paralice. Temos que aproveitar a ocasión. Nós, se andamos finos, poderemos sacar adiante o proxecto.**

**PEDRAYO**

**Temos que pensar ben o procedemento.**

**PIÑEIRO**

**Que tes pensado?**

**PACO**

**Xa volo dixen. Darlle viabilidade por medio da Academia.**

**CARBALLO**

**Como?**

**PACO**

**Que sexa a Academia quen, co motivo do centenario, declare oficialmente Día de Rosalía e Festa das Letras Galegas o dezasete de maio.**

**PEDRAYO**

**Considero a proposta interesante e sedutora. Porén dubido que a moción vaia a ramo. Os numerarios non queren comprometerse. A terrible represión que estamos a soportar é un atranco que debemos ponderar.**

**PACO**

**Eu convencereinos. A Academia é a Catedral da Lingua. Un lugar frío. Necesita dun santo que propicie o fervor e xere emocións. Quen mellor que Rosalía? Dedicamos o dezasete de maio a Rosalía. Quen vai votar na contra? Despois andar o camiño: cada ano a un autor.**

**PIÑEIRO**

**Como un xacobeo literario?**

**PACO**

**Como un xacobeo literario.**

**PEDRAYO**

**Eu coido que o Presidente vai apoiar a moción. Se o Sebastián vai connosco a proposta sae.**

**PIÑEIRO**

**Será ben que os asinantes da solicitude non teñan antipatías entre os numerarios. Debemos evitar que as viras persoais resten votos.**

**PACO**

**Voulle pedir a Manuel Gómez Román e a Xesús Ferro Couselo que asinen comigo a solicitude.**

**PEDRAYO**

**Considero que son as persoas idóneas.**

**PIÑEIRO**

**Estou de acordo.**

## ***FundaciónPenzol***

**PACO**

**Penzol, temos a Editorial Galaxia. Temos a Academia da Lingua. Temos o Día das Letras Galegas. Temos a cultura en marcha. Fáltanos darlle pousada. Fáltanos a Casa Galega da Cultura.**

**FERMIN**

**Si señor. Iso é. Fáltanos a Casa Galega da Cultura. Precisamos dun gran Pazo para albergar o noso Corpus cultural.**

**PACO**

**Non falo dun relicario senón dun lugar activo. Un lugar de memoria e sementeira, no que se conserve vivo o ADN cultural do noso Pobo, como unha fonte na que os nosos mozos se nutran do noso espírito creador.**

**FERMÍN**

**Como o Seminario de Estudos Galegos!**

**PACO**

**Como o Seminario de Estudos Galegos.**

**19**

**PIÑEIRO**

**Fóisenos don Armando.**

**FERMÍN**

**Foi. Fóisenos don Armando. Xa vai para un ano que faleceu.**

**PIÑEIRO**

**Tiña unha biblioteca impresionante.**

**FERMÍN**

**Impresionante. Si. Unha biblioteca impresionante.**

**PIÑEIRO**

**A ver se che vai pasar como a don Armando.**

**FERMÍN**

**Que lle pasou?**

**PIÑEIRO**

**Os herdeiros repartiron a biblioteca. Cada un vendeu a súa parte por tres patacóns. Agora os libros andan dispersos e a biblioteca está desfeita.**

**FERMÍN**

**Unha desgraza, Piñeiro, unha desgraza. Ata nas rúas e nos quioscos se ofrecen os seus libros a prezo de ganga.**

**PIÑEIRO**

**O don Armando empeñou toda a vida en construír a súa biblioteca e, en menos dun ano, non quedou nada. Nela deixou o seu esforzo, o seu nome e a súa memoria. Non é a morte quen acaba con nós. Non, non é a morte. Son os herdeiros, amigo Fermín, son os herdeiros.**

**FERMÍN**

**Cala, Piñeiro, cala. Algúns libreiros andan encima de min, e xa me levan dado un chea de voltas, para se facer cos meus tesouros. Interésalles o negocio, non o valor dos libros.**

**PIÑEIRO**

**E tes disposto o que vai ser da túa colección?**

**FERMÍN**

**Pois mira que tedes teima coa miña morte?**

**PIÑEIRO**

**Estás vivo, non? Pensas que vas durar sempre?**

**FERMÍN**

**No me amoles, Piñeiro. Non me amoles. Polo de agora non teño pensado morrer. Non me caería ben. Ademais, está Blanca, a miña muller. A Colección é cousa dos dous.**

**PIÑEIRO**

**Non son eu quen de darche consellos. Pero algo tan valioso, como é a vosa colección, sería unha mágoa que fose tan efémero como as vosas vidas. Merece garantirlle a transcendencia.**

**FERMIN**

**Non che falta razón. A desfeita da biblioteca de don Armando afectounos moito a Blanca e mais a min. E estamos pensando en legarlle a nosa colección íntegra a unha Fundación.**

**PIÑEIRO**

**A unha Fundación galega, supoño.**

**FERMÍN**

**Home claro! A unha fundación galega.**

**PIÑEIRO**

**Situada en Galicia.**

**FERMÍN**

**Naturalmente. Aí atrás expúxome o Paco del Riego o programa do Partido Galeguistas do Interior, refundado por vós en Curuxo, para a futura República Federal Ibérica. Nel propoñía crear a Casa Galega da Cultura e suxeríame principiala coa miña colección e as súas aportacións.**

**PIÑEIRO**

**Algo diso me comentou. E non me parece desatinado. Ídeo pensando. Ben sabes que o Paco, cando ten unha idea clara é teimudo. E nesta conta co meu apoio.**

**PACO**

**Pois a Blanca e mais eu temos decidido legarlle a Colección a unha Fundación da Editorial Galaxia e deixar como o seu director vitalicio o Francisco Fernández del Riego.**

**PIÑEIRO**

**Parabéns. É unha excelente decisión. A Fundación Penzol será unha magnífica institución e o Paco será un magnífico director.**

**20**

***Apoteose de don Paco***

**PEDRAYO**

**Hoxe é o teu día, Francisco. O día do teu xacobeo.**

**ÁLVARO**

**O día grande da Romaría Farrucana.**

**Lourenzá é hoxe a Compostela da nosa lingua. Lourenzá é hoxe o Teixido do galeguismo.**

**Un cohiba, Paco. Hoxe un cohiba.**

**PACO**

**Convido eu.**

**PEDRAYO**

**Non imaxinaba que aquel feito tan inofensivo de instaurar a Festa das Letras Galegas xerara tal onda de entusiasmo cultural e patriótico en todo o país.**

**PACO**



**Hoxe o galego é máis que unha fala. Hoxe o galegoé máis que unha lingua. Hoxe o galego é noso idioma.**

### **CARBALLO**

**Eminencias, hoxe cómpreme recibir no Panteón dos Galegos inmortais aquel rapaz imberbe que coñecín, no devalar do outono do 1931, no Seminario de Estudos Galegos da Universidade de Santiago de Compostela, traído da man do grandísimo Lois Tobío. Arestora, case un século despois, teño que che dicir, ben vido amigo Francisco Fernández del Riego, ó Retablo dos galegos Laureados. Desde a túa Furna serás memoria dos nosos mestres devanceiros e serás mestre e serás exemplo para as xeracións futuras.**

### **CUNQUEIRO**

**Ponlle a coroa dunha vez e vamos meterlle unha de espadeiro. O exordio toda celebración ten que consistir en poñer a tripa contenta.**

### **CARBALLO**

**Esta coroa de loureiro que che vou cinguir na túa cabeza é o símbolo da gloria e da inmortalidade. Por esta cerimonia sobes ó Retablo dos Galegos Exemplares.**

**Francisco Fernández del Riego, es unha alma na gloria.**

**Viva Galicia Ceibe!**

### **TODOS**

**Viva!**

### **PACO**

**Viva a República Federal Ibérica!**

### **TODOS**

**Viva, viva, viva.**

***Soa o himno de Riego.***

**Fin**